

Crítica de *A herdanza Ferramonti*
Faro da Cultura, Faro de Vigo
3 de outubro de 2024
Estro Montaña

A Italo Calvino debe a literatura italiana o redescubrimento da novela decimonónica *A herdanza Ferramonti*, cando o autor Gaetano Carlo Chelli (1847-1904) era un escritor que non formaba parte do canon. Trátase dunha novela que tamén era admirada por Passolini, quen a consideraba unha das grandes obras narrativas do século XIX no seu país, e que en 1976 –catro anos despois de que Calvino propiciase a súa reedición– foi levada con éxito ao cinema por Mauro Bolognini. Agora Hugin e Munin vén de vertela ao galego, con tradución e notas de Isabel Soto.

Ambientada en Roma, a obra é unha crítica feroz a unha familia da pequena burguesía que, despois de escalar socialmente, sofre un proceso de descomposición motivado pola falta de escrúpulos, as intrigas, a paixón polos cartos. O cabeza de familia é un panadeiro viúvo que se enfrenta aos fillos logo de amasar unha fortuna. Nesa loita, axitada por tempestades shakesperianas, ninguén xoga limpo, e destaca a figura da nora Irene, muller anxélica, sensual, intelixente e terrible, tan capaz de levantar un negocio como de provocar a perdición dos seus achegados.

O autor recrea a sociedade capitalista na que viviu cunha visión moi negativa dos personaxes, ancora o relato con descrições verosímiles dos protagonistas e da Roma do seu tempo, e usa con mestría as técnicas realistas coma o narrador omnisciente – que non exclúe unha perspectiva coral– ou o psicoloxismo.

Aquí a presentación obxectiva da sociedade corrupta da época umbertina e os conflitos tanto individuais como colectivos encádranse dentro do verismo, movemento realista italiano ao que non é alleo o naturalismo de Zola. O resultado final é unha novela brillante, atractiva, sólida, de recomendable lectura.